

# SOMOS RÚA

facemos arte<sup>3</sup>

[ arte participativa na Praza do Concello ]

**27/28/29.DEC**  
CARBALLO'19

LICENCIADA SOTELO  
ROI DOMINGUEZ  
PORTLAND  
ANDREA TORRES



**CARBALLO** A UN PASO  
COSTA DA MORTE

# SOMOS RÚA

## facemos arte <sup>3</sup>

artes plásticas colaborativas

+

música

+

danza

[ xornadas artísticas participativas en espazo público]

**Decembro 2019, Concello de Carballo**



## | QUE

Un ano máis, o programa "**Somos rúa, facemos arte**" volve á Praza do Concello de Carballo, para "facer arte" no espazo público, colaborando co tecido asociativo e coas familias. Arte contemporánea, música e danza, en tres días intensos, nun inverno artístico e activo, vindo a completar a programación de **Nadal**, promovendo o disfrute da arte e da cultura contemporánea para todos os públicos.

### **DEMOCRATIZAR, PARTICIPAR, ACHEGAR!**

Os **obxectivos**? A interacción e a participación coa cidadanía, achegando arte contemporánea aos espazos públicos de Carballo, apoiando ao mesmo tempo a nosa produción cultural.

Trátase dun proxecto que **suma ao teatro (presente sempre no outono co FIOT) a arte contemporánea**, en colaboración coa música e coa danza, dun xeito lúdico e pedagóxico, achegando á rúa a creación galega actual. ¿Por que non transformar unha praza nunha sorte de "museo vivo"? "**Somos rúa, facemos arte**" ofrece á cidadanía de Carballo nunhas xornadas únicas, propiciando a participación dun público diverso e proactivo.



(Imaxes das anteriores edición con Christian Villamide (2018), Basilisa Fiestras (2018) e CF DANCE (2017) )

## ARTES PLÁSTICAS – OBRAS COLABORATIVAS


CON ROI DOMÍNGUEZ

“EXERCICIO ARQUITECTÓNICO PARA INDIVIDUO INCÓMODO”  
INSTALACIÓN ESCULTÓRICA COLABORATIVA

**Praza do Concello: venres 27 decembro (de 10.30 a 13.30h + 16.30 a 18.30h)**

\*(no Mercado Municipal en caso de condicións meteorolóxicas adversas)

Esta é unha instalación efémera inmersiva que convida á reflexión, plantexando espazos e alternativas artísticas no entorno urbano, traballando dende á cotidianeidade, a precariedade e a necesidade. Nace da motivación da toma de conciencia que dende a arte, ao igual que dende outras disciplinas, debemos adquirir, procurando recursos sostibles e de redución de residuos ante a situación de emerxencia ecolóxica que estamos a sufrir, provocada, entre outros, polo exceso de residuos plásticos que se multiplica nas datas de Nadal. A instalación parte de bolsas de plástico (xa utilizadas, de cores, sen estampados nin letras) aportadas por todas as persoas que queiran participar, coas que realizar unha vidreira na bóveda dun invernadoiro instalado temporalmente no centro da praza, que xoga co espazo e coa iluminación.



## ARTES PLÁSTICAS – OBRAS COLABORATIVAS

**CON ANDREA TORRES**

**“VALORANDO O MAR” (ESCULTURA-INSTALACIÓN COLABORATIVA)**

**Praza do Concello: venres 27 decembro (de 10.30 a 13.30h + 16.00 a 17.30h)**

**\*(no Mercado Municipal en caso de condicións meteorolóxicas adversas)**

Trátase dunha proposta destinada a nenas e nenos de entre cinco e doce anos. A actividade ten unha perspectiva ecoloxista, ensiando que hai que coidar a nosa contorna e as múltiples vidas de seres vivos que habitan connosco. Amosándolles que moitas especies están en perigo de extinción e o que está ocorrendo coa contaminación, por exemplo, no Mar Menor, a causa da destrución do hábitat mariño, a acidificación dos océanos provocada polo verquido de residuos e o cambio climático. Nesta actividade, os cativos terán que grabar nun cadrado de barro un pedaciño de mar, aquilo que máis lles gusta del ou as sensacións que lle producen. Posteriormente sobre as pranchas, se introducirán plásticos que teñan sido usados e escaiola, para concienciar sobre as consecuencias do utilización masiva do plástico.

**Instalación final:** entre ás 17.00 e ás 17.30h. A partir das 17.30h, todas as crianzas participantes, poden recoller a súa peza e levala para casa.



## MÚSICA (POP-ROCK)

### PORTLAND BANDA

#### "A PLACE WE KNOW"

**Praza do Concello: sábado 28 decembro (ás 19.30h)**

**\*(no Mercado Municipal en caso de condicións meteorolóxicas adversas)**

Portland é un proxecto musical nado en A Coruña en 2014. Comeza como moitas outras bandas, xuntando a músicos con diferentes inxerencias que teñen como punto en común a paixón pola música.

A proposta musical da banda parte dun pop rock con influencias soul con cancións de melodías sinxelas, pero con moita personalidade, cunha base rítmica sólida e guitarras que aportan riqueza de texturas á mestura. En 2018, gravan "A Place We Know", o seu primeiro álbum. Gravado no estudio "El Taller" e producido por Carlos Areán, o álbum é o resultado de 2 anos de traballo no local de ensaio.

Entre os seus concertos, podemos destacar a presenza de Portland no 33º Festival Noroeste EG este 2019, na Praia de Riazor, sendo teloneiros da gran Patty Smith.



## DANZA CONTEMPORÁNEA – ACCIÓN ESCÉNICA

### “INCERTEZA” DA COMPAÑÍA LICENCIADA SOTELO

(Interpretada por Nuria Sotelo e Cris Vilariño)

**Praza do Concello: domingo 29 decembro (ás 13.00h)**

\*(no Mercado Municipal en caso de condicións meteorolóxicas adversas)

Dúo de danza contemporánea de rúa en espazos non convencionais. Un xogo compartido co público, unha peza que muda e nútrese segundo a localización. Todo proceso creativo, como a vida, componse de grandes e pequenas incertezas. Como nos movemos entre elas, como as asumimos e as navegamos irán determinando o decorrer da creación. Tomar a incerteza como unha oportunidade.

¿Como os corpos asumen o incerto? ¿Como xogamos co azar? ¿Canto de azaroso ou incerto quedará no resultado final? ¿Canto risco somos capaces de asumir?

**Dirección:** Nuria Sotelo

**Coreografía e intérpretes:** Cris Vilariño e Nuria Sotelo

